



MEMORIA DIXITAL DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN (AGPI) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO SECTOR DA ILUSTRACIÓN E DO DÍA DA ILUSTRACIÓN NO ANO 2026

O Director Xeral de Cultura e referido ao convenio que se pretende formalizar entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI),

DECLARA:

Que ten como vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que ten o seguinte obxecto:

A realización de diversas actividades culturais de promoción do sector da ilustración en 2026 como o XXIII Encontro Galego de Ilustración ou as actividades para conmemorar o Día da Ilustración.

Actuacións:

1. Actividades para a celebración do XXIII Encontro Galego da Ilustración
2. Actividades de promoción e divulgación do Día da Ilustración: dedicado a Siro López
3. Ampliación e actualización da web de AGPI

Que se basea na seguinte fundamentación xurídica:

- De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a AGPI é a entidade que ten entre os seus fins o recoñecemento, o estudo, a promoción e a divulgación da ilustración en calquera das súas modalidades e en calquera dos medios de comunicación, expresión





e difusión. Tamén a difusión do traballo e a creación dos/as ilustradores/as e a ilustración nas artes plásticas e visuais en xeral.

Ademais, é a entidade encargada de representar a defensa dos intereses profesionais dos seus membros, aglutinando na actualidade a máis de 117 ilustradores/as e sendo a asociación mais representativa dos profesionais da ilustración en Galicia.

Polo tanto, a AGPI posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

- Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Polo exposto, e co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

